



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA PARA A VISIBILIZACIÓN E FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA DURANTE O ANO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria,
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Emprego ten previsto formalizar coa Asociación Foro pola Economía Social Galega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Asociación Foro pola Economía Social Galega para a visibilización e fomento da participación da economía social galega durante o ano 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Estratexia galega de Economía Social, impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, ten como finalidade impulsar fórmulas empresariais que permitan xerar máis emprego e de máis calidade, garantir unha mellor redistribución dos recursos e favorecer a cohesión territorial e social a través das fórmulas da economía social, prestando especial atención ás cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.

Pola súa banda, a Asociación Foro pola Economía Social Galega é unha organización empresarial de carácter intersectorial constituída para asociar nela o conxunto da economía social de Galicia a través da colaboración das organizacións representativas das empresas da economía social de Galicia, que persigue como fins fundamentais a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses económicos-sociais e empresariais da economía social en Galicia.

A Xunta de Galicia e a Asociación Foro pola Economía Social Galega, consideran esencial a colaboración para a realización de accións tendentes a un mellor



coñecemento da economía social en Galicia e, polo tanto, a un mellor desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Asociación Foro pola Economía Social Galega é a única entidade galega que representa ao conxunto das entidades da economía social de Galicia ás que vai dirixida a Estratexia galega de economía social, e os seus fins son coincidentes cos da consellería de Economía, Emprego e Industria reflectidos na citada Estratexia tocantes á visibilización e á promoción da participación das entidades da economía social. Isto xustifica, ao abeiro dos artigos 19.4.a e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Foro pola Economía Social Galega por ser a entidade máis adecuada para colaborar na súa execución, sen promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

A secretaria xeral de Emprego
Covadonga Toca Carús



Xacobeo 2021

